

Mercado laboral segundo a EPA (Galiza 2009)



Gabinete Técnico confederal.

Enquisa de Poboación Activa. 2009.

2009 foi un ano fatídico para o emprego en Galiza; de media perdéronse 48.700 postos de traballo. Se a isto lle engadimos 2.600 persoas activas máis, lévanos a un incremento do paro de 51.200 persoas, un 44,6% máis que no ano 2008.

Malia que durante 2008 o paro estimado medrara, a causa non era a destrución de emprego, senón o aumento da poboación activa; é dicir, incorporouse poboación ao mercado de traballo que non atopou emprego, polo que pasou a engrosar as listas de desempregados/as e polo tanto medrou o número de persoas paradas. Pero no ano 2009, destruíuse emprego neto. Os datos das principais variábeis son os que seguen.

Evolución das principais variables. Datos en miles.

	2007	2008	2009	Variación	
Galiza				09/08	09/07
Total	2.380,90	2.387,60	2.386,20	-0,1	0,2
Activos	1.292,00	1.314,80	1.317,40	0,2	2,0
Poboación ocupada	1.193,40	1.200,10	1.151,40	-4,1	-3,5
Poboación parada	98,7	114,7	165,9	44,6	68,1
Inactivos	1.088,90	1.072,80	1.068,90	-0,4	-1,8

Fonte: INE. EPA

Durante 2009 descende lixeiramente a poboación con máis de 16 anos en Galiza, en concreto un 0,1%, froito da caída do 0,4% da poboación inactiva, xa que a activa, aínda que lixeiramente, continúa medrando.

O incremento da poboación activa durante 2009 foi moi inferior a anos anteriores. Este medre mantívose grazas a que continúa a incorporación de mulleres ao mercado de traballo, xa que os activos homes descenden un 0,2%. Os datos segundo sexos son os que se amosan.

Evolución das principais variábeis segundo sexo. Datos en miles.

	Total		Homes		Mulleres		Variación 09/08		
	2008	2009	2008	2009	2008	2009	Total	Homes	Muller
Total	2.387,60	2.386,20	1.140,50	1.140,10	1.247,10	1.246,10	-0,1	0,0	-0,1
Activos	1.314,80	1.317,40	726,4	712,5	588,4	604,8	0,2	-1,9	2,8
Poboación ocupada	1.200,10	1.151,40	672,7	628,7	527,4	522,7	-4,1	-6,5	-0,9
Poboación parada	114,7	165,9	53,7	83,8	61	82,1	44,6	56,1	34,6
Inactivos	1.072,80	1.068,90	414,1	427,6	658,7	641,3	-0,4	3,3	-2,6

Fonte: INE. EPA

A incorporación da muller ao mercado laboral foi moi importante durante esta longa década de crecemento económico. Así, a taxa de actividade feminina medrou preto de 10 punto desde o ano 1997, e continuou medrando nestes dous últimos anos a pesar de crise. Porén, a poboación activa masculina descendeu en 2009.

A poboación activa que se xubila, pola inercia de anos anteriores, é maioritariamente masculina (en torno ao 65% dos xubilados durante 2009 foron homes), e probabelmente maior que a incorporación de homes novos, de aí a redución da poboación activa masculina. Con todo, a taxa de actividade das mulleres que se retiran é moito menor que a das que se incorporan; ademais, é moi usual en épocas de crise unha maior afluencia de mulleres ao traballo fóra do fogar, ao perder o home, ou cabeza de familia, o posto de traballo.

Así as cousas, as taxas de actividade quedan como segue:

Taxa de actividade segundo sexo.

	Total			Homes			Mulleres		
	1997	2008	2009	1997	2008	2009	1997	2008	2009
Total	49,8	55,1	55,2	61,3	63,7	62,5	39,3	47,2	48,5
de 16 a 24 anos	37,5	45,5	44,8	43,2	52,3	50,0	31,7	38,4	39,4
de 25 a 54 anos	76,6	84,0	84,0	90,5	91,3	89,9	62,7	76,7	78,1
de 55 e máis anos	19,4	18,7	19,4	25,8	25,1	24,8	14,6	13,6	15,1

Fonte: INE. EPA

Desde o ano 1997, en que comezou a etapa de auxe económico, a taxa media de actividade en Galiza aumentou máis de 5 puntos, practicamente froito do medre da poboación activa feminina, xa que a masculina medra moi lixeiramente.

O leve aumento da poboación activa masculina ten moito que ver co incremento da poboación inmigrante, mentres que no caso da poboación feminina isto só explica unha parte do incremento, pois o resto é debido á incorporación de mulleres de aquí que antes non formaban parte mercado laboral.

Entre as mulleres, medra a poboación activa en todos os grupo de idade, incluso nos de maior idade, onde as xubilacións non superan a chegada de mulleres deste intervalo. De todas as formas, o maior incremento prodúcese no colectivo central, onde a taxa aumentou 15,4 puntos, acadando valores históricos: un 78% das mulleres de entre 25 e 54 anos están inmersas no mercado laboral en Galiza.

A parte negativa está en que, durante 2009, a actividade económica xa non foi capaz de absorber máis ocupación, polo que unha parte destas novas incorporacións pasaron a engrosar directamente as listas de desempregados/as.

Poboación ocupada.

Esta foi a evolución da ocupación.

➤ Durante 2009, destruíronse 48.700 empregos netos de media en Galiza.


Como é ben sabido, tanto no resto do Estado, como na maior parte dos chamados países “avanzados”, empezouse a destruír emprego no ano 2008. Como xa dicíamos anteriormente, en Galiza non sucedera o mesmo, e incluso aumentara levemente a poboación ocupada, pero xa durante 2009 a destrución neta de emprego foi moi importante.

Evolución trimestral da poboación ocupada segundo sexo.

	2008/I	2008/II	2008/III	2008/IV	2009/I	2009/II	2009/III	2009/IV
Homes	674,5	679,8	677,5	659,1	637,7	622,5	630,6	624,1
Mulleres	515,5	521	537	536	530,8	524,9	520,5	514,7

Total	1.190,0	1.200,8	1.214,5	1.195,1	1.168,5	1.147,4	1.151,1	1.138,9
-------	---------	---------	---------	---------	---------	---------	---------	---------

Fonte: INE. EPA



Se analizamos a traxectoria trimestral, desde o terceiro trimestre de 2008, comeza a reducirse a ocupación, especialmente a ocupación masculina; a feminina neste trimestre aínda continúa medrando.

Durante 2009, a redución de emprego xa é xeneralizada, e novamente afecta máis aos homes que ás mulleres; entre estas últimas redúcese o número de ocupadas un 0,9%, mentres que entre os homes un 6,5%. Así, o 90% do emprego que se perdeu foi entre o homes; concretamente 44.000 postos de traballo.

➤ Industria foi no sector onde se destruíu máis emprego.

Industria e construción, sectores moi masculinizados, foron os que máis emprego perderon durante o último ano.

Poboación ocupada por sexo e sector económico. Datos en miles.

	Total		Variación	
	2008	2009	absoluta	relativa
Total				
Total	1.200,10	1.151,40	-48,70	-4,1
Agricultura e pesca	93,8	91,6	-2,20	-2,3
Industria	215,9	194,1	-21,80	-10,1
Construción	134,1	115,7	-18,40	-13,7
Servizos	756,4	750,1	-6,30	-0,8

Fonte: INE. EPA

Aínda que en termos relativos o descenso é maior na construción, en valores absolutos a industria é o sector máis prejudicado, con 21.800 empregados menos que durante 2008.

A destrución de emprego na construción tamén foi importante, concretamente 18.400 empregos, o que equivale a un descenso do 13% con respecto ao ano anterior.

O sector servizos, no que durante 2008 se creara emprego neto, en 2009 tamén se sumou á tónica xeral de destrución de emprego, concretamente un 0,8%, 6.300 postos de traballo.

Na media estatal, é claramente a construción o sector máis afectado pola crise. No último ano perdéronse o 23% dos postos de traballo neste sector; o seguinte máis prexudicado foi o industrial, onde se estima un 13% menos de ocupados que no ano anterior. En total o descenso do emprego foi do 6,8%.

Analizando máis polo miúdo os sectores, desagregando nas distintas ramas de actividade que a Enquisa de Poboación Activa nos permite, vemos que non todas as ramas de actividade evolucionaron igual.

Ocupados segundo rama de actividade e variación.

			Variación	
	Total		Absoluta	Relativa
	2008	2009		
Total	1.200,10	1.151,40	-48,70	-4,1
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	67,2	67,9	0,70	1,0
Pesca e acuicultura	26,6	23,6	-3,00	-11,3
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	44,5	40,6	-3,90	-8,8
Industria téxtil, do coiro e do calzado	21,6	18,8	-2,80	-13,0
Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles;	12,8	11,5	-1,30	-10,2
Industria do papel, artes gráficas	5,6	6,2	0,60	10,7
Industrias extractivas, fabricación de produtos minerais, metálicos, caucho... gas e auga	70,3	59,1	-11,20	-15,9
Fabricación de maquinaria, material eléctrico, material de transporte e industrias manufactureiras diversas	61,1	57,8	-3,30	-5,4
Construción	134,1	115,7	-18,40	-13,7
Venta e reparación de vehículos de motor	31,3	26,3	-5,00	-16,0
Comercio por xunto e ao retallo	159,7	162,7	3,00	1,9
Transporte e almacenamento	52,4	48	-4,40	-8,4
Hostalaría	74,4	69,2	-5,20	-7,0
Información, comunicacións, actividades artísticas, recreativas e de lecer	37,4	41,6	4,20	11,2
Actividades financeiras e de seguros	25,7	25,7	0,00	0,0
Actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares	44,3	45,3	1,00	2,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	41,5	45,1	3,60	8,7
Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	72	73,4	1,40	1,9
Educación	75,8	69,9	-5,90	-7,8
Actividades sanitarias e de servizos sociais	77	79,1	2,10	2,7
Outros servizos	64,9	63,9	-1,00	-1,5

Fonte: INE. EPA

Logo da construción -que en si mesma constitúe un sector, polo que en termos absolutos é onde máis descende a ocupación-, as distintas ramas industriais, salvo industrias do papel, presentan todas unha evolución moi negativa e preocupante.

Téxtil, madeira, alimentación, fabricación de maquinaria..., en todas, o descenso da ocupación supera o 10%, e é especialmente grave o subíndice de industrias extractivas, fabricación de produtos metálicos..., onde se o emprego se reduce preto dun 16%, 11.200 postos de traballo. De

feito, esta rama concentra máis do 50% de todo o emprego industrial destruído durante o ano 2009.

Porén, non debemos esquecer que xa durante 2008, téxtil e madeira sufriran un forte recorte de ocupados.

A evolución das distintas ramas do sector servizos foi ben heteroxénea. A máis prexudicada foi a relacionada coa venda e reparación de vehículos, onde o emprego descendeu un 16% con respecto ao ano anterior. Transporte e hostalería, foron outras onde a crise se cebou con especial virulencia; tamén en educación se destruíu unha parte importante de postos de traballo.

Esta destrución masiva de emprego afectou a tanto a empresarios/as como a asalariados/as.

Evolución da ocupación por categorías profesionais.

	2009	2008	variación	
			Absoluta	Relativa
Total	1151,5	1200,1	-48,6	-4,1
Traballador/a por conta propia: total	252,3	276,4	-24,1	-8,7
Empregador/a	84,6	86,6	-2,0	-2,3
Empresario/a sen asalariados/as ou traballador/a independente	153,5	167,8	-14,3	-8,5
Membro de cooperativa	0,9	2,8	-1,9	-68,8
Axuda familiar	13,4	19,2	-5,9	-30,4
Asalariados/as: total	898,8	923,0	-24,2	-2,6
Asalariados/as do sector público	191,4	195,3	-3,9	-2,0
Asalariados/as do sector privado	707,4	727,7	-20,3	-2,8
Outra situación profesional	0,8	0,8	0,0	3,2

Fonte: INE. EPA

En termos absolutos repartíuse a partes iguais o descenso de empresarios/as e asalariados/as, non así en termos relativos, xa que ao ser menor a porcentaxe de empresarios/as, o descenso porcentual é moito maior.

Aínda que descende tanto os empresarios/as que teñen asalariados/as contratados/as como os que non, a maior caída estímase entre os primeiros tal e como reflicten os datos. A forte caída do emprego na construción onde traballaban un importante número de autónomos, explica, en parte, esta evolución.

Entre as persoas asalariadas, é no sector privado onde se destrúe a maior parte do emprego, aínda que tamén cae o emprego no sector público.

Dentro dos/as asalariados/as, convén saber cales foron os máis afectados, se os de contrato fixo ou os de contrato temporal.

En principio, tal e como se amosa no seguinte cadro, non se destruíu emprego fixo durante 2009; todo o contrario, incrementouse. Os datos amósanse no cadro seguinte.

- **As mulleres e os menores de 35 anos os que máis sofren a temporalidade no emprego.**

Asalariados/as segundo tipo de contrato.

	Total	Homes	Mulleres
Total			
2008	922,9	509,2	413,7
2009	898,8	481	417,7
Contrato indefinido			
2008	640,1	362,9	277,2
2009	658,5	362,6	295,8
Contrato temporal			
2008	282,8	146,3	136,5
2009	240,3	118,4	121,9
Taxa de temporalidade			
2008	30,6	28,7	33,0
2009	26,7	24,6	29,2

Fonte: INE. EPA

A evolución dos/as asalariados/as variou moito segundo se fale de homes ou de mulleres, a saber:

- En conxunto o número de asalariados/as descendeu un 2,6%. A caída na poboación asalariada afectou unicamente aos homes (-5,5%), xa que entre as mulleres aumentou, concretamente un 0,9%.
- Aumentaron os asalariados/as con contrato indefinido, debido ao incremento no número de mulleres con este tipo de contrato, xa que entre os homes se mantivo.
- A poboación asalariada con contrato temporal descendeu tanto entre os homes como entre as mulleres, pero máis entre os primeiros.
- Así as cousas, a taxa de temporalidade descendeu 4 puntos, descenso similar entre homes e mulleres.

Vemos como, en principio, os empresarios/as optaron pola non renovación de contratos temporais, antes de prescindir dos traballadores/as cunha maior estabilidade na empresa. Cómpre esperar a ver o que ocorre se esta situación se mantén durante moito máis tempo.

Esta redución dos asalariados/as con contrato temporal, nada menos que un 15%, superior á diminución total de asalariados/as, leva a unha caída da taxa de temporalidade de preto de 4 puntos

A redución da temporalidade produciuse unicamente no sector privado da economía. Así, entre os asalariados/as do sector público non se estiman variación significativas.

Taxa de temporalidade segundo sector público ou privado.

	Total	S. Público	S. Privado
2006	34,9	26,4	37,1
2007	31,4	24,9	33,0
2008	30,6	27,5	31,5
2009	26,7	27,3	26,6

Fonte: INE. EPA

Desde o ano 2007, a taxa de temporalidade vén descendendo no sector privado da economía e medrando no público. Así as cousas, no último ano a temporalidade no público supera claramente á mesma no privado.

Taxa de temporalidade segundo grupo de idade.

	Total		De 16 a 34 anos		Máis de 35 anos	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009
	922,9	898,8	374,8	343,8	548,2	554,9
Contrato indefinido	640,1	658,5	196,9	198	443,2	460,4
Contrato temporal	282,8	240,3	177,8	145,8	105	94,5
taxa de temporalidade	30,6	26,7	47,4	42,4	19,2	17,0

Fonte: INE. EPA

Aínda que en 2009 descendeu en maior medida a temporalidade entre a xente máis nova, esta continúa cunhas taxas de temporalidade 2,5 veces superior os de máis de 35 anos. De media, no ano 2009 situouse no 42.4% para os que teñen menos de 35 anos; a partir desta idade redúcese a unha media do 17%.

É evidente que as mulleres e os/as menores de 35 anos, sofren moito máis a inestabilidade laboral que os homes con máis de 35 anos. O grave é que isto ocorre porque foron os últimos en incorporarse o mercado de traballo, e os postos de traballo que se crearon nos últimos anos, ao abeiro do “boom” económico, teñen esta característica; é dicir, non é algo que ocorre por pertencer a estes colectivos, senón que esta é a nova realidade laboral que hai: traballo inestábel e ademais mal pagado.

Durante o ano 2008, o único emprego que se creara fora entre as mulleres e a xornada parcial; durante 2009 redúcese emprego de todo tipo e o único que se mantén é o das mulleres a xornada parcial.

Ocupados/as segundo tipo de xornada e sexo.

	Total		Homes		Mulleres	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009
Total	1.200,10	1.151,40	627,7	628,7	527,4	522,7
Xornada completa	1.068,60	1.023,70	642,9	602	425,7	421,7
<i>Xornada parcial</i>	131,4	127,7	29,7	26,6	101,7	101,6

Fonte: INE. EPA

Non hai creación neta de emprego en ningún dos colectivos analizados, pero onde menos se destrúe é entre as mulleres con xornada parcial, onde practicamente se mantén no último ano.

A ampliación da EPA en Galiza, que se produciu no terceiro trimestre de 2009, achega información até o de agora descoñecida. Como só dispomos dos datos dos dous últimos trimestres do ano 2009, non podemos comparar con anos anteriores nin calcular a media anual do último ano, pero algúns datos son o suficientemente reveladores como para achegalos con estas limitacións.

Uns deles son os datos do seguinte cadro.

Ocupados/as a xornada parcial, segundo o motivo da xornada parcial e sexo. Cuarto trimestre 2009.

	2009/IV		
	Total	Homes	Mulleres
Total	125,6	29,6	96,0

Seguir cursos de ensino ou formación	10,7	4,8	5,9
Enfermidade ou incapacidade propia	3,3	1,6	1,7
Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	15,7	0,4	15,3
Outras obrigas familiares ou persoais	12,6	1,9	10,7
Non poder atopar un traballo de xornada completa	56,3	12,2	44,1
Non querer un traballo de xornada completa	9,0	2,0	7,1
Outras razóns	17,9	6,6	11,3
Non sabe o motivo	0,1	0,1	—

Fonte: INE. EPA

Queda moi claro, á luz destes datos, que a inmensa maioría dos traballadores/as con xornada a tempo parcial, sexan homes ou mulleres, non “disfrutan” desta xornada, senón que é imposta. En boa parte dos casos, o 45%, porque non atopan un traballo de xornada completa; noutros casos por coidado da persoas dependentes ou outras obrigas familiares (o 14,5%), e apenas o 0,07% non queren un traballo a xornada completa.

Xunto á incorporación de mulleres ao mercado de traballo, a chegada de inmigrantes foi outra das novidades desta etapa económica que acabamos de vivir, polo que un dato interesante é o que ten que ver coa nacionalidade das persoas ocupadas e a ocupación.

Ocupados/as segundo nacionalidade e ocupación. IV trimestre 2009.

	Total			Proporción	
	Total	Española	Estranxeira	Española	estranxeira
Total	1.138,90	1.065,10	56,2	100	100
Forzas armadas	8,1	7,4	0,5	0,7	0,9
Dirección das empresas e das admóns. públicas	106,2	101,2	3,5	9,5	6,2
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	145,3	140,4	3,2	13,2	5,7
Técnicos e profesionais de apoio	145,5	140,3	3,6	13,2	6,4
Empregados de tipo administrativo	88,6	84,8	1,8	8,0	3,2
Traballadores dos servizos de restauración, comercios	178,6	161,9	12,5	15,2	22,2
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	68,8	65,6	3	6,2	5,3
Artesáns e traballadores cualificados	172	161	8,6	15,1	15,3
Operadores de inste maquinaria e montadores	104,4	99,3	3,8	9,3	6,8
Traballadores non cualificados	121,4	103,1	15,7	9,7	27,9

Fonte: INE. EPA

Segundo estes datos a poboación estranxeira representa o 5% da poboación ocupada total. Porén, a súa presenza é proporcionalmente maior nos traballos que requiren menos cualificación.

Máis do 50% das persoas estranxeiras repártense entre dúas ocupacións, traballadores/as non cualificados en xeral, cun 27,9%, e en traballos de restauración e comercio onde se sitúan un 22,2%. E onde menos presenza teñen é en traballos de tipo administrativo.

Segundo sexo, aínda que en xeral hai practicamente o mesmo número de homes que de mulleres, estas últimas están moito máis concentradas por ocupación: un 40% está en traballos no cualificados e un 36% en restauración e comercio; é dicir, o 75% das inmigrantes repártense entre estas dúas ocupacións.

En cambio, os homes non españois están máis distribuídos nas distintas ocupacións. A maior agrupación, o 28%, están nalgún traballo cualificado da industria ou da construción.

Aínda que non totalmente, parte desta distribución por ocupación explícase polo nivel formativo das persoas ocupadas.

Ocupados/as segundo nacionalidade e nivel de formación. Cuarto trimestre de 2009.

	Total			Proporción		
	Total	Española e	Estranxeira:	Total	Esp.	Est.
Total	1.138,90	1.082,70	56,2	100	100	100
Analfabetos/as	0,8	0,8	—	0,1	0,1	-
Estudios primarios	114,7	99,8	15	10,1	9,2	26,7
Educación secundaria. Primeira etapa	389,4	366,9	22,4	34,2	33,9	39,9
Educación secundaria. Segunda etapa	236,8	227,7	9	20,8	21,0	16,0
Educación superior	397,2	387,5	9,7	34,9	35,8	17,3

Fonte: INE. EPA

A maioría dos traballadores de nacionalidade española teñen un nivel de formación equivalente á educación secundaria de segunda etapa ou superior. No caso dos/as inmigrantes o nivel de formación equivale á educación secundaria de primeira etapa ou inferior.

A pesar que en ambos casos o nivel de formación é menor entre os estranxeiros/as, as diferenzas son maiores no caso das mulleres a respecto dos homes, sobre todo polo alto nivel de formación das mulleres ocupadas en Galiza. Soamente un dato, o 42% teñen formación superior, no caso das estranxeiras apenas o 19% (no dos homes, o 30%).

Poboación parada.

- O número de persoas paradas aumentou en 51.200 de media en 2009.

O dato máis grave que se coñeceu no ano 2009 foi, sen lugar a dúbidas, o do desemprego. En concreto, en Galiza este medrou un 44,6% con respecto ao ano anterior; e o que é máis grave, se comparamos con 2007, ano que comeza a manifestarse a crise, o incremento do desemprego é do 68,1%.

O número medio de parados/as estimados en Galiza durante 2009 foi de 165.900 persoas, que se distribúen, segundo o tempo que levan a procura dun emprego, do seguinte xeito:

Parados/as segundo tempo a procura de emprego.

				Variación porcentual
--	--	--	--	----------------------

	2007	2008	2009	09/08	09/07
Total	98,7	114,7	165,9	44,7	68,1
Menos de 6 meses	45,3	55,2	71,9	30,3	58,8
De 6 meses a < 1 ano	11,3	13,4	33,2	147,6	193,6
De 1 ano a menos de 2 anos	10,5	14,2	25,8	81,5	145,5
2 anos ou máis	17,5	16,4	23,3	41,8	32,9
Xa atopou traballo	14,1	15,5	11,8	-24,0	-16,5

Fonte: INE. EPA

Como a maioría dos novos/as parados/as, son de hai relativamente pouco tempo, os colectivos máis numerosos son os que levan menos tempo nesta situación de desemprego, pero, a medida que pasa o tempo, vemos como van medrando tamén os grupos dos que levan máis tempo nesta situación.

De momento, o 63,3% levan menos dun ano nesta situación.

Dado este forte aumento do desemprego, a taxa de paro medrou fortemente. Este medre afectou tanto a homes como a mulleres independentemente da idade que teñan.

Taxa de paro.

	Total			Homes			Mulleres		
	2007	2008	2009	2007	2008	2009	2007	2008	2009
Total	7,6	8,7	12,6	5,7	7,4	11,8	10	10,4	13,6
de 16 a 24 anos	15,9	21,2	30,8	12,9	19,2	31,3	20,5	24	30,1
de 25 a 54 anos	7,1	7,9	11,6	5	6,5	10,4	9,5	9,4	12,9
de 55 e máis anos	5,1	5,5	7,3	4,4	4,3	7	6	7,3	7,6

Fonte: INE. EPA

Afectou a todos os colectivos, pero non na mesma medida. Os homes e a xente máis nova están sendo o máis prexudicados pola perda de emprego. No colectivo de menos de 24 anos, duplicouse a taxa de paro nos dous últimos anos.

Outro colectivo onde o paro se cebou especialmente foi entre os homes de 25 a 54 anos; tamén neste caso se duplicou a taxa de paro.

Pola contra, ás mulleres estalles afectando un pouco menos a crise, en termos de emprego. Aínda así o aumento da taxa de paro foi moi importante, 3,2 puntos de media en 2009.

En termos absolutos prodúcese un feito histórico: por primeira vez o número de homes desempregados supera o das mulleres.

Parados/as segundo sexo.

			Variación	
	2009	2008	Absoluta	relativa
Total	165,9	114,7	51,2	44,6
Homes	83,8	53,7	30,1	56,0
Mulleres	82,1	61,0	21,1	34,5

Fonte: INE. EPA

Xa no ano 2008 se acurtaran as diferenzas entre os homes e as mulleres en canto a desemprego, pero durante 2009, co incremento dun 56% do paro masculino, fronte a un 34,5% do feminino, os primeiros xa superaron ás segundas.

Estes nefastos datos de parados quedan relativamente “suavizados”, se os comparamos coa situación no resto do Estado español.

Parados por comunidades autónomas. Media 2009

	2009	2008	Variación
Total	4149,5	2590,6	60,2
Andalucía	992,8	683,6	45,2
Aragón	84,4	47,1	79,3
Asturias	65,1	41,6	56,5
Balears (Illes)	105,2	57,8	82,1
Canarias	282,2	181,1	55,8
Cantabria	33,7	20,1	67,2
Castela e León	162,6	112,2	44,9
Castela - A Mancha	184,0	110,5	66,5
Cataluña	618,7	345,8	78,9
Comunitat Valenciana	545,0	307,1	77,4
Extremadura	100	73,3	36,3
Galiza	165,9	114,7	44,6
Madrid	476,3	291,5	63,4
Murcia	150,5	90,7	65,9
Navarra	33,7	20,85	61,9
País Vasco	115,6	68,6	68,5
Rioxa	20,3	12,3	64,6

Fonte: INE. EPA

Galiza é a segunda comunidade, despois de Extremadura, onde menos medra o número de desempregados/as. De media no Estado español, durante 2009 aumentaron os parados/as un 60,2%, en Galiza un 44%.

Esta evolución, que en principio pode ser positiva, pode esconder o dito, e tantas veces manido, de que a Galiza tardan máis en chegar as crises, pero chegan, e logo a recuperación é moito máis lenta.

Cando falamos da poboación parada, non debemos esquecer as fortes diferenzas que se manteñen entre os parados/as rexistrados/as no Servizo Público de Emprego, onde, de media, se rexistraron 206.645 desempregados/as durante 2009, un 24,5% máis.

Vigo, 15 de febreiro de 2010
Natividad López Gromaz
Gabinete técnico Confederal.